Material funxible
Globo terráqueo
Aula virtual do centro
Educaplay
Genially

Liveworksheets
Kahoot

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións). Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais. Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual... A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	15	14	13	8	8	13	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación basease na observación directa na aula, por medio de recollida de datos en diario de aula, pobres orais e fichas sinxelas.

Teranse moi en conta as actitudes de esforzo, atención, participación, colaboración... cara ás actividades escolares. Os criterios de cualificación e a súa porcentaxe á hora de avaliar ao alumnado serán os seguintes:

Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade e/ou ao finalizar o trimestre. 30 %. Instrumentos utilizados: actividades escritas e/ou orais periódicas, ao finalizar cada unidade e/ou ao finalizar o trimestre.

Realización do traballo na aula: Realización adecuada do traballo e organización dos materiais. 30 %. Instrumentos utilizados: rexistro de actividades de clase, rexistro de organización de materiais.

Realización de traballo na casa: busca de información, achega de materiais para o proxecto, etc. 10 %. Instrumentos utilizados: rexistro de entrega e execución de tarefas.

Valoración de actitudes na aula: 30 %. Instrumentos utilizados: rexistro de participación, rexistro de actitude na aula, diario de clase.

- escoita e participación.
- Esforzo.
- Colaboración.
- Cumprimento das normas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto

como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

A atención á diversidade será concibida como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A nosa intervención educativa baséase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais e as familias e ten como finalidade asegurar os recursos necesarios para que aquel alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida conseguir o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias clave a consecución dos obxectivos. Farase un seguimento individualizado do alumnado que permita a detección e atención temperá das dificultades que vaian xurdindo.

Ao abeiro da lexislación vixente porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderanse considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Estratexias xerais de AD:

- Respostar á motivación, intereses e estilo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Apoio individualizado por parte da mestra.
- Emprego de materiais e recursos didácticos para facilitar a comprensión dos contidos.
- Flexibilizar tempos nas actividades, adaptándonos aos ritmos individuais.
- Adecuar a axuda pedagóxica e a metodoloxía, a organización espacial, os recursos e os agrupamentos ás

necesidades do momento e aos resultados da avaliación.

- Adecuar as actividades ás diferenzas individuais (de reforzo, ampliación....).
- Promover a axuda entre iguais (titoría entre alumnos) e a aprendizaxe cooperativa.
- Atención aos aspectos socioafectivos que poidan influír no proceso de aprendizaxe.
- Descomposición de tarefas en pequenos pasos.
- Fichas de reforzo dos contidos.

Na nosa programación temos que ter previstas actuacións para os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e recoller como medida de atención á diversidade actividades específicas destinadas a axudar a conseguir os obxectivos a aqueles alumnos e alumnas que poidan atopar máis dificultades (actividades de reforzo). Deste mesmo xeito, tamén teremos preparado traballo alternativo para aqueles alumnos e alumnas, que xa tivesen adquiridos os obxectivos que nos propuxésemos (actividades de ampliación).

Outras medidas de atención á diversidade son:

Reforzo educativo por parte da titora e do profesorado que imparte calquera das áreas.

Apoios recibidos dentro e fóra da aula polos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Inicialmente recibirán intervención de PT un alumno e de AL, seis nenos e nenas.

Apoio dentro da aula por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Poderanse realizar adaptacións curriculares encamiñadas a dar resposta as dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos nos que as diferenzas e as dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).

Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción titorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Realización de programas específicos encamiñados á mellora das competencias básicas.

Flexibilización.

Por todo isto, teremos en conta que a nosa programación sexa aberta, que atenda ás necesidades e intereses dos alumnos e alumnas, seguindo ademais unha metodoloxía activa e participativa de carácter individualizado, para contribuír ao obxectivo final da Educación Primaria e ao desenvolvemento integral do individuo.

Dende a titoría adoptaranse todas aquelas medidas que favorezan o desenvolvemento do alumnado e a súa integración, sempre en coordinación co Departamento de Orientación do centro, co que estaremos en contacto permanente para a valoración dos nenos e nenas, a organización dos apoios requiridos e o seguimento da evolución do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X						X
ET.4 - Competencia dixital								X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X		X
ET.6 - Emprendemento						X		X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Educación para o consumo responsable						X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable					X	X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X					
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á ONCE.	Para coñecer de preto o sistema BRAILLE no marco da UD na que tocamos os inventos e descubrimentos realizados por nenos.		X	
Visita a un artista local relacionado co Festival Internacional de Títeres de Redondela.	Para coñecer de primeira man o labor dos artesáns creadores de marionetas e de historias.			X
Roteiro guiado polo Artelixo en Redondela.	Para observar as creacións artísticas de artistas e doutros centros da contorna a partir de materiais de refugallo.			X
Visita a unha librería da vila.	Actividade coa que se pretende fomentar o interese pola lectura e o espírito crítico e a habilidade para tomar decisións.	X		

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Consegiuse motivar ao alumnado?
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Outros
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018410	CEIP Plurilingüe Quintela	Redondela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	32
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	37

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 1º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos):

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

* CONTEXTUALIZACIÓN.

- Centro: CEIP Plurilingüe Quintela, Redondela
- Unidades: 9 (3 en EI e 6 en EP)
- Curso: 1º A
- Nº alumnos/as: 11 (5 nenas e 6 nenos)
- Contorna: rural. Cole rodeado de bosques
- Instalacións: ximnasio, patio exterior con pista polideportiva pintada, zona de area no exterior, ximnasio
- Xornada escolar: continua (09:30 a 14:30)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.	2		2-5	1-4	2-5		3	3
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.		1	1	3	4-5	3-4	3	1-2
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5	1-2-3	1	4	1-3-5	2-3	2	1-2
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3		2-5		3	1	1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.	3-4		5	5		2-4	1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Healthy life & habits	Unidade de inicio que servirá como eixo transversal para todo o curso ao ter o alumnado que ir adquirindo elementos de saúde, coidado corporal e hixiene. Pretende que o alumnado que se inicia na etapa de Ed. Primaria interiorice os hábitos, valores e actitudes que transmite esta área.	20	14	X	X	X
2	Yoga kingdom & mindfunless	Con esta unidade didáctica tentaremos crear no alumnado hábitos de saúde para unha mellora da calidade de vida, fomentaremos e faremos cumprir a adopción de prácticas hixiénicas, posturais e alimenticias, contribuír ao benestar físico e mental e persuadir aos nenos/as a que pensen nunha conduta sa fóra do ámbito escolar. Todo iso influirá de xeito positivo na autoestima, e nunha mellor calidade de vida.	10	6	X		
3	Discovering who I am and what surrounds me	Dentro das capacidades perceptivo-motoras atopamos o concepto de corporalidade (Castañer e Camerino). O esquema corporal é un concepto dinámico e maleable que se adquire por aprendizaxe e no que as experiencias xogan un papel fundamental. Toda acción sucede nun espazo e tempo determinado polo que o traballo da espacialidade e temporalidade é indivisible.	10	6	X		
4	Dancing	A coordinación é un elemento fundamental no desenvolvemento físico das persoas. Por iso se traballa por medio de bailes sinxelos.	10	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Body skills	Traballo de habilidades motrices tanto co corpo con obxectos: desprazamentos, saltos, xiros,	15	15		X	
6	Throw and kick what you can	Continuación do traballo de habilidades motrices básicas con obxectos, por medio de lanzamentos e atrapamentos ou recepcións de diferentes obxectos.	5	5		X	
7	One for all & all for one	Os xogos cooperativos son propostas que promoven actitudes de sensibilización, cooperación, comunicación e solidariedade.	10	6		X	X
8	Games, games, games, what do you like?	Con esta unidade didáctica pretendemos que os alumnos/as coñezan e practiquen xogos populares, autóctonos e tradicionais como vínculo e parte do patrimonio cultural de Galicia.	15	8			X
9	Wild nature/ sport invaders	Actividades no medio natural	5	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Healthy life & habits	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Realizar as distintas tarefas e xogos de xeito activo propostos nas sesións	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	No rexistro de hixiene, rutinas de aula, queceamento e responsabilidade cara ás tarefas, obtén un rexistro positivo no 50% das sesións		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	superar os retos e scape rooms cun 50% da nota final		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, no 60% das prácticas		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e resolvendo os conflitos, sen frustrarse e continuando con respecto na práctica		
CA2.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás habilidades e hábitos de hixiene no 50% das sesións		
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar nos xogos de activación e volta á calma.		
CA2.4 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias, sendo adecuadas no 55% das sesións		
CA3.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo e o emprega no 50% das sesións		
CA3.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás habilidades e hábitos de hixiene no 50% das sesións		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, no 60% das prácticas		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo.		
CA6.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar habilidades motrices mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal realizando entorno a un 60% das sesións con posutras adecuadas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado, sen rompelos e coidándoos en todas as sesións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Educación postural en situacións cotiás. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e descanso tras a actividade física. - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable. - Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar. - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Autocoñecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Esquema corporal: - Conciencia corporal. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais. - Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. - Respecto das regras de xogo. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
2	Yoga kingdom & mindfunless	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Realizar as distintas tarefas e xogos de xeito activo propostos nas sesións	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	No rexistro de hixiene, rutinas de aula, quecemento e responsabilidade cara ás tarefas, obtén un rexistro positivo no 50% das sesións		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física, controlando os seus impulsos		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, no 60% das prácticas		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e resolvendo os conflitos, sen frustrarse e continuando con respecto na práctica		
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar nos xogos de activación e volta á calma.		
CA2.4 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Empregar Habilidades Motrices Básicas en diferentes situacións axustadas ás circunstancias nas sesións		
CA2.5 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar habilidades motrices mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal realizando entorno a un 60% das sesións con posutras adecuadas		
CA3.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Realizar as distintas tarefas e xogos de xeito activo propostos nas sesións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás habilidades e hábitos de hixiene no 50% das sesións		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, no 60% das prácticas		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e resolvendo os conflitos, sen frustrarse e continuando con respecto na práctica		
CA6.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Empregar Habilidades Motrices Básicas en diferentes situacións axustadas ás circunstancias nas sesións		
CA6.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar habilidades motrices mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal realizando entorno a un 60% das sesións con posutras adecuadas		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado, sen rompelos e coidándoos en todas as sesións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación. - Educación postural en situacións cotiás. - Coidado do corpo: a hixiene persoal e descanso tras a actividade física. - Saúde social: - A actividade física como práctica social saudable. - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Autoconecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Esquema corporal: - Conciencia corporal. - Equilibrio estático e dinámico. - Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en situacións motrices cotiás. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais. - Respecto das regras de xogo. - Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
3	Discovering who I am and what surrounds me	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Realizar as distintas tarefas e xogos de xeito activo propostos nas sesións	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	No rexistro de hixiene, rutinas de aula, quecemento e responsabilidade cara ás tarefas, obtén un rexistro positivo no 50% das sesións		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física, controlando os seus impulsos		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, no 60% das prácticas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e resolvendo os conflitos, sen frustrarse e continuando con respecto na práctica		
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar nos xogos de activación e volta á calma.		
CA2.4 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Empregar Habilidades Motrices Básicas en diferentes situacións axustadas ás circunstancias nas sesións		
CA2.5 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar habilidades motrices mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal realizando entorno a un 60% das sesións con posutras adecuadas		
CA3.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en situacións cotiás habilidades e hábitos de hixiene no 50% das sesións		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, no 60% das prácticas		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e resolvendo os conflitos, sen frustrarse e continuando con respecto na práctica		
CA6.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar habilidades motrices mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal realizando entorno a un 60% das sesións con posutras adecuadas		
CA6.5 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado, sen rompelos e coidándoos en todas as sesións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Alimentación saudable e hidratación.

Contidos

- Coidado do corpo: a hixiene persoal e descanso tras a actividade física.
- Saúde social:
 - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais.
- Saúde mental:
 - Autocoñecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).
 - Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
 - Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
 - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Esquema corporal:
 - Conciencia corporal.
 - Lateralidade e a súa proxección no espazo.
 - Equilibrio estático e dinámico.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo próximo.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
4	Dancing	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Realizar as distintas tarefas e xogos de xeito activo propostos nas sesións	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	No rexistro de hixiene, rutinas de aula, quecemento e responsabilidade cara ás tarefas, obtén un rexistro positivo no 50% das sesións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física, controlando os seus impulsos		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, no 60% das prácticas		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e resolvendo os conflitos, sen frustrarse e continuando con respecto na práctica		
CA2.2 - Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar nos xogos de activación e volta á calma.		
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario

das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución, para facerse entender o/a mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

- Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Class Book.
2.- Dispositivos para traballar a Competencia Dixital.
3- i-Pack (editorial).
4- Material complementario.
5- Teacher's Resource Pack.
6- Oxford Premium
7- Rimas e cancións.
8- Videos.
9- Oxford Online Learning Zone e páxinas web de xogos/fichas interactivos online.
10- Xogos de mesa.
11- Xogos físicos.
12- Libros de lectura e historias e contos publicados na rede.
13- Ferramentas de elaboración de materiais.
14- Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
15- Actividades DUA.
16- Outros.

1 - Class Book (da editorial: Oxford University Press). O alumnado dispón do Class Book cunha unidade introdutoria na que se presentan os personaxes do curso e o contexto, seis unidades con nove leccións cada unha, páxinas de material sobre festividades e de revisión.

2 - Dispositivos para traballar a competencia dixital: ordenador de sobremesa ou portátil, panel interactivo, acceso a internet para realizar diferentes actividades.

3 - O iPack, con presentacións, filmes culturais con nenos/as británicos reais no seu ámbito, clips de linguaxe cotiá, versións animadas das cancións e das historias protagonizadas polos personaxes do curso, material de presentación e práctica fonética, actividades e xogos interactivos para ser utilizados co panel interactivo. Ademais das páxinas do

Class Book e Activity Book como referencia e apoio na aula.

4 - Material complementario: Guía didáctica (Teacher's Guide), con transcricións das audicións, un banco de ideas con suxestións para xogos e actividades e explicacións sobre os xogos do iPack.

5 - Teacher's Resource Pack con flashcards, wordcards, story cards, láminas, posters e murais (da editorial, pero tamén de elaboración propia).

6 - Oxford Premium (Web de contidos e servizos da editorial) con recursos (worksheets) para a práctica adicional de vocabulario e gramática para reforzar e estender o contido das unidades principais, as de festividades, temas intercurriculares e as worksheets sobre festividades e os filmes culturais; material para a avaliación e o portfolio, os tests das unidades, anotacións sobre as competencias clave e todas as audicións (das actividades e dos tests).

7 - Rimas e cancións que aporta a propia editorial e outras para traballar as rutinas de inicio da sesión (saúdos, días da semana, meses do ano,...) e vocabulario de uso frecuente ou que precisa repaso constante (cores, números, obxectos da aula,...)

8 - Vídeos que aporta a propia editorial e outros vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais.

9 - Recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, deseñados para apoiar a autonomía e o pracer no estudo do inglés, trátase dun recurso que os alumnos poden utilizar individualmente na casa ou en clase e que tamén reforza o vínculo casa-colexio. Tamén outras webs/blogs específicos de inglés e/ou páxinas web de xogos e fichas interactivos online como...

Liveworksheets: <https://liveworksheets.com>

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

<https://www.funenglishgames.com/>

<https://www.arbolabc.com/juegos-para-niños-de-preescolar#ingles>

10 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

Types of games: Memory, Drag it, Teacher (your name) says, Match it, Guess it, What's missing?,...

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

* adiviñar a tarxeta;

* memory game;

* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

-Crazy Chefs

-Pictionary

-What is the time, Mr Wolf?

-Spotty dogs.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que se vaian traballando ao longo do curso.

11 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,

+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,

+ xogos de localización e movemento no espazo.

12 - Libros de lectura, principalmente contos: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente.

"The Snowman" Raymond Briggs.

"Something else" Kathryn Cave.

"I am a tiger" Karl Newson.

"Not me" Nicola Killen.

"Dogs" Emily Gravett.

"Animal pants" Brian Moses.

"Not now ,Bernard" David Mckee.

Historias e contos publicados na rede:

Historias sobre temáticas variadas en <https://www.storyline.online>

"Winnie the witch" https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks

"Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>

"Not now, Bernard" https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI_2TDOo

13 - Ferramentas dixitais de elaboración de materiais:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Posteriza: <https://posteriza.com>

+ Canva: https://www.canva.com/es_419/

+ Wordwall: <https://wordwall.net/es>

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

14 - Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

15 - Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

16 - OUTROS

- Fichas elaboradas pola propia mestra: sacadas de libros de texto ou doutros libros, sacadas de diversos materiais didácticos, de reforzo e de ampliación de cada unidade.

- Radio CD, CDs audio para cando falla o equipo informático ou a conexión a internet.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas de setembro. Farase en base ás seguintes accións:

- Análise das actas finais do curso anterior de cada grupo de alumnos/as.

- Análise dos informes individualizados ou informes psicopedagóxicos que poida haber de cada alumno/a.

- Realización dunha avaliación de diagnose: pronunciación, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (en base ao nivel competencial do curso anterior) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar. Neste proceso podense recoller evidencias tales coma, gravacións en audio ou videos individuais, de interacción en parella ou en gran grupo. Iríanse reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

- Observación directa por parte do profesorado da actividade escolar de cada grupo e de cada un dos/das alumnos/as durante o traballo de aula, rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

- Valoración dos resultados, que se terán moi presentes ao longo do curso para ir avaliando o avance de cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	14	2	14	2	14	14	2	14	14
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias. Ao longo do curso comprobarase o logro dos mesmos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Comprensión Oral 40%
- Comprensión Escrita 10%
- Expresión oral (Vocabulario e interacción) 40%
- Actitude (esfuerzo, interese e participación), respecto polas normas de convivencia da aula, tarefas 10%

Os criterios de cualificación establécense utilizando procedementos de avaliación variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación. Observación e seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: interaccións orais sinxelas, actividades de clase, gravacións en audio e video, representacións tipo role play e outros.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado:

- Táboas de indicadores, que serán diferentes e recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que se queira valorar.
 - Probas tales coma tests moi sinxelos (que inclúan audios) para valorar a comprensión oral e imaxes con palabras (en letra maiúscula ao inicio e enlazada a partir de mediados do 2º trimestre) para valorar a comprensión escrita.
- Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso terase en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que se van empregando en cada unidade didáctica, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.
- Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias no remate do curso.
- Puntualizar, por último, que dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira, a adquisición da mesma é progresiva, polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe. En consecuencia, debe terse en conta á hora de valorar as evidencias que se recollan e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

O procedemento a seguir para que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible son:

- Os apoios: tanto por parte da mestra, como por parte dos/das compañeiros/as (distribución do alumnado de xeito que favoreza a inclusión e a aprendizaxe destes alumnos/as e/ou distintos tipos de agrupamentos para facilitarlles a realización das tarefas). No caso da avaliación: adaptación dos tempos e instrumentos e/ou procedementos.
- Reforzos educativos: Dirixidos a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, tomando como referencia os mínimos de consecución dos criterios de avaliación e contidos de cada unidade didáctica.

En resumo, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, especialmente co alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, durante esta etapa, porase especial énfase na atención personalizada dos alumnos e alumnas, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario por parte da mestra, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A programación debe ter en conta os diversos niveis de aprendizaxe do alumnado. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Á clase de inglés asistirá, como norma xeral, todo o alumnado do grupo, sen que ninguén saia a recibir apoio fóra da aula. Tampouco contarán, habitualmente, con ningún profesorado de apoio dentro da mesma. Polo tanto, as medidas fundamentais de atención á diversidade que se poñerán en marcha serán aquelas que axuden a xestionar o grupo completo tendo en conta, na maior medida posible, as necesidades específicas de cada un dos seus integrantes. Trátase de medidas que deben ser contempladas na programación de aula ou na programación de cada unha das unidades didácticas que se vaian desenvolver ao longo do curso. Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros/as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra-imaxe, imaxe-imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

- Priorizar os obxectivos e contidos que se consideren fundamentais para futuras aprendizaxes, que teñan funcionalidade e aplicación práctica e que fagan referencia a procedementos.

- Partir sempre dos coñecementos previos e das motivacións e intereses de cada alumno/a.

- Deseñar actividades que teñan diferentes graos de realización e dificultade e que permitan distintos modos de execución.

- Deseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido e/ou actividades de reforzo para afianzar os contidos mínimos.

- Planificar actividades que faciliten a manipulación e que teñan aplicación na vida cotiá para relacionar o estudado co entorno e darlle maior significatividade.

- Distribución heteroxénea e ubicación do alumnado con necesidades específicas nos lugares que máis lle favorezan.

- Priorizar métodos que favorezan a expresión directa, a comunicación e o descubrimento.

- Adecuar a linguaxe do material de estudo segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as (especialmente para os alumnos/as con NEAE).

- Seleccionar técnicas e estratexias metodolóxicas que sendo útiles para todos os alumnos/as, tamén o sexan para os que presentan dificultades de aprendizaxe e NEAE.

- Fomentar un bo clima de relacións sociais (respecto e tolerancia).

- Favorecer o uso de distintos espazos, materiais e recursos dentro e fóra da aula para que poidan manipular e experimentar.

- Introducir a avaliación do contexto de aula (avaliación continua, valorar o traballo diario, os intereses, a participación,...)

- As adaptacións curriculares e reforzos educativos.

- Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A resolución pacífica de conflitos.		X	X		X		X	X
ET.3 - O coidado do medio ambiente				X		X		X
ET.4 - Respecto polos dereitos humanos.						X	X	
ET.5 - Consumo responsable			X		X			X
ET.6 - Educación para a saúde								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X
ET.2 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X
ET.3 - O coidado do medio ambiente		
ET.4 - Respecto polos dereitos humanos.	X	
ET.5 - Consumo responsable	X	X
ET.6 - Educación para a saúde	X	X

Observacións:

A elección dos elementos transvesais a tratar en cada curso/nivel non será ríxida e inamobile; é dicir, que non serán os únicos que se traten ao longo do curso nin terán o mesmo peso en todas as unidades:

- Na área de Lingua Estranxeira cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.
- Por outro lado, cada centro educativo ou mestra escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de L.E. as saídas para actividades de aprendizaxe na Lingua Estranxeira.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, musicais, contacontos, maxia, profesionais de distintos sectores, promovidos polo Concello, editoriais, fundacións,...	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Día das bibliotecas, Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día da poesía, Día do libro,...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Guy Fawkes Night, Thanksgiving Day, Christmas, Valentine's Day, Saint Patric's Day,	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de L.E. pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre este a a mestra de Lingua Estranxeira. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en L.E.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Obxectivos: Consecución dos obxectivos propostos.
Temporalización: Foi axeitado o tempo programado para cada unha das unidades didácticas.
Contidos: Secuenciación, estruturación e organización en cada unidade, de xeito que quede claro o que teñen que aprender, o que é importante,...
Metodoloxía empregada
Adecuación das actividades: Axeitadas en número e duración, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe.
Metodoloxía: Aberta e flexible; se funcionaron os diferentes agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe; adaptada ás características do alumnado e ás circunstancias en cada caso.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos: Os materiais foron atractivos, suficientes e accesibles para todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctase o seu ritmo de aprendizaxe, deseñando actividades variadas e adaptadas ás distintas características e circunstancias do mesmo.
Clima de traballo na aula
Implicación e satisfacción do alumnado: Conseguiuse motivar e despertar a curiosidade do alumnado para chegar á participación activa nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinabilidade: Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel e do profesorado de LE co de CLIL.

Outros
Elementos transversais: Comprobar que se traballan de xeito implícito os temas transversais propostos na programación (igualdade, resolución pacífica de conflitos, educación para a saúde, coidado do medio ambiente,...).
Avaliación: Idoneidade e utilidade das técnicas e instrumentos de avaliación empregados.

Descrición:

A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas; xa que é unha das estratexias máis potentes para mellorar a calidade do ensino e da aprendizaxe. Esta valoración enténdese que debe ser continua e constante, para realizar os axustes ou cambios axeitados (se fose preciso) no momento oportuno. Trimestralmente usaranse os indicadores de logro mencionados arriba, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo. Todo isto para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a estamos levando a cabo; atendendo así ás necesidades e intereses do alumnado.

Estes indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas de nivel de logro de cada un. Con tal fin, empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

As observacións recollidas, os cambios introducidos (se os houberse) e os aspectos a mellorar reflectiranse na memoria final do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da propia programación realizarase ao longo do curso e ao remate do mesmo coa finalidade de valorar a súa adecuación ao desenvolvemento das sesións e introducir así as modificacións que sexan oportunas.

Ademais do rexistro diario de clase onde se recollan as dificultades observadas no desenvolvemento das sesións, terase en conta a valoración dos resultados obtidos ao remate de cada unidade, así como a información recollida ao remate de cada trimestre. Na memoria final de curso reflectiranse os cambios introducidos e os aspectos a mellorar.

Debe revisar polo tanto:

- Os obxectivos: rexistrar hasta que grado se cumpren e comprobar se son os adecuados.
- Os contidos: comprobar en que medida están asimilados e se é necesario amplialos ou modificalos.
- Os criterios de avaliación: revisar si se axustan aos obxectivos e contidos e se é necesario retocalos.
- A metodoloxía: revisar a súa eficacia, se é válida e útil para a aprendizaxe, se ten éxito, se é motivadora para os alumnos/as, se é necesario modificala nalgún aspecto, etc.
- Os materiais e recursos didácticos: analizar se son os apropiados para conseguir os obxectivos e si se adaptan aos distintos/as alumnos/as e grupos, se son suficientes e eficaces para atender á diversidade, se é necesario modificalos ou melloralos...
- Os procedementos e instrumentos de avaliación: comprobar se son axeitados para avaliar aos alumnos/as e ás unidades didácticas e se aportan a suficiente información para ese fin.
- As actividades complementarias: revisar en qué medida complementan o traballo da aula e como contribúen na aprendizaxe dos/as alumnos/as, contemplando a posibilidade de melloralas tamén.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018410	CEIP Plurilingüe Quintela	Redondela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

1. Introducción

O centro académico é dunha liña en Educación Infantil e dunha liña nos cursos de Primaria. Está ubicado nun medio rural, e acóllense as parroquias de Quintela e Saxamonde no Concello de Redondela.

A presente programación didáctica corresponde ao 1º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para a área de lingua galega e literatura.

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-3-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Volta ao cole	Expresión oral: presentación dun mesmo e dun compañeiro ou compañeira. Comprensión lectora: comprensión ilustracións dun conto. Vocabulario: a escola Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das vogais e as consoantes: m, p, l Gramática: as maiúsculas Literatura: presentación de contos tradicionais.	10	16	X		
2	O Magosto	Expresión oral: conversamos sobre o magosto Comprensión lectora: interpretación do título e as imaxes que ilustran o conto. Vocabulario: as linguas utilizadas na nosa contorna. Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: s, t, d, n Gramática: As maiúsculas nos nomes propios. O punto final. Literatura: refráns	12	16	X		
3	Chegou o Nadal	Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre os xoguetes. Comprensión lectora: identificación personaxes dun conto navideño. O Apalpador. Vocabulario: as festas tradicionais Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: f, h, b. Gramática: as palabras e as sílabas. Oracións. Literatura: lendas	12	16	X		
4	A paz no mundo	Expresión oral: consensuamos as normas de convivencia da aula. Comprensión lector: interpretación de	12	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A paz no mundo	normas. Vocabulario: a convivencia Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: c, q, r, rr. Gramática: os artigos Literatura: as fábulas.	12	18		X	
5	As mandas do Meco	Expresión oral: manifestamos sentimentos de alegría e diversión ante situacións lúdicas: disfrazarse, maquillarse... Comprensión lectora: lectura comprensiva e dramatización dun conto. Vocabulario: O entroido Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: z/c, g/gu Gramática: o nome Literatura: o teatro	13	18		X	
6	A nosa biblioteca	Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a importancia dos libros na nosa vida. Comprensión lectora: palabras que riman Vocabulario: os sinónimos Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: ñ, x, ll Gramática: xénero masculino e feminino. Literatura: a poesía	13	18		X	
7	A patrulla verde	Expresión oral: debatimos sobre a importancia e os beneficios da reciclaxe Comprensión lectora: identificación da idea principal dun texto. Vocabulario: os antónimos Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: ch, k, w Gramática: o adxectivo Literatura: textos informativos	14	18		X	
8	A despedida	Expresión oral: descrición de lugares representados en ilustracións. Comprensión lectora: anuncios publicitarios Vocabulario: aumentativos e diminutivos Lectoescritura discriminación visual e auditiva das sílabas trabadas: pr, pl, tr, dr, fr, fl Gramática: O verbo. Presente, pasado e futuro. Literatura: adiviñanzas e trabalinguas.	14	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Volta ao cole	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.

Contidos

- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.

UD	Título da UD	Duración
2	O Magosto	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística das dúas linguas.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan en galego a maiores do cole (persoal sanitario, familiares, veciños-as...)		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno refrán con axuda visual de imaxes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua coa outra.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Esfórzase por intentar mellorar o léxico galego nas producións orais e escritas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: produción oral - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto. - Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas. - Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.

Contidos

- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
3	Chegou o Nadal	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta un recoñecemento social equilibrado das dúas linguas oficiais.	Recoñece o galego como unha lingua oficial de Galicia.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coa perspectiva de xénero.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
